

**PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO
DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E
EXTRAESCOLARES**

CURSO 2009-2010



1. CONSIDERACIÓN XERAIS

As funcións do Departamento de actividades extraescolares e complementarias concrétanse en coordinar, xestionar, canalizar e facilitar as iniciativas e desenvolvemento de ditas actividades do Centro.

As propostas procederán, basicamente, dos Departamentos Didácticos, así como de entidades e institucións de ámbito cultural, deportivo, educativo ou lúdico.

Neste documento reflíctense as actividades que figuran nas programacións dos Departamentos Didácticos. En caso de que ao longo do curso xurdan propostas interesantes serán susceptibles de ser tidas en conta e poderían realizarse, sempre que se avise con suficiente antelación e poidan ser aprobadas polo Consello Escolar – especialmente nos casos que impliquen a saída do recinto escolar.

Como en cursos anteriores, procuraremos a coordinación con outros centros da zona para realizar actividades convxuntamente: asistencia a obras de teatro, charlas, actividades deportivas, ...

O Departamento asumirá unha competencia xestora polo que deberá haber unha continua e estreita relación co Equipo Directivo e as Xefaturas de Departamento para así lograr o máximo aproveitamento das actividades sen que supoña prexuízo para o normal desenvolvemento do Centro. Así mesmo, é necesaria a colaboración dos Tutores/as, resto do Claustro e Comunidade Educativa.

As actividades extraescolares e complementarias son un instrumento máis para a aprendizaxe do alumnado polo que se configuran como unha ferramenta complementaria da ensinanza reglada.

Considéransen actividades complementarias as propostas e organizadas polos Departamentos Didácticos e o Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias en horario escolar, de acordo co seu Proxecto Curricular: polo tanto poderán ser actividades que formen parte do proceso de avaliación, áinda que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polo momento, espacios e recursos que se utilizarán.

As actividades que se realicen fóra do horario lectivo, terán carácter voluntario para os alumnos e alumnas do Centro e, por tanto, non formarán parte do proceso de avaliación nas distintas áreas ou materias curriculares que integran os plans de estudio.

2. XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS

Estas actividades teñen un carácter enriquecedor na educación do noso alumnado xa que:

- Amplían a súa formación.
- Axudan a formar en diferentes facetas a súa personalidade.
- Favorecen a convivencia.

Os obxectivos que se pretenden acadar son os seguintes:

- Conseguir que estas actividades sexan un estímulo á actividade educativa evitando que a ensinanza non quede relegada ó ámbito da aula.
- Motivar á participación dos alumnos/as espertando o seu interese en aspectos educativos e contribuíndo á mellora do seu rendemento académico, así como unha mellor relación co profesorado.
- Potenciar a relación co contorno socio-cultural máis próximo ao alumnado co fin de mellorar a información e facilitar a súa integración.
- Desenvolver o interese do alumnado por participar en actividades de grupo.
- Desenvolver o gusto pola lectura como fonte de pracer e disfrute persoal.
- Facilitar ao alumnado o coñecemento das súas posibilidades físicas e o uso positivo do ocio, participando en actividades de carácter comunicativo, expresivo e lúdico.
- Fomentar o respecto e a valoración do patrimonio natural, cultural, histórico, lingüístico, artístico e social.
- Axudar a coñecer a natureza para comprometerse na conservación do contorno.
- Fomentar o interese polo coñecemento e conservación das tradicións culturais da zona.
- Facilitar o coñecemento real do mundo laboral ó que accederán no futuro próximo.
- Posibilitar o contacto con xente de outros pobos e culturas para un mellor enriquecemento persoal.

3. NORMAS E ACTUACIÓNS

- 1.- Como norma xeral, todos os alumnos/as deberán participar obrigatoriamente nas actividades complementarias dentro do Centro deseñadas para o seu grupo ou nivel educativo. Excepcionalmente, por motivos persoais razoados, cando un alumno non deseje participar nalgúnha actividade complementaria, quedará na aula de estudio, a cargo do profesorado de garda.
- 2.- Como norma xeral, e tal como se acordou na CCP procurarase que cada grupo de alumnos non supere as 24 horas lectivas adicadas a actividades complementarias e extraescolares, aínda que sexa inevitable en actividades de longa duración como a *Semana Branca* ou o *Intercambio con Francia*. En 2º de BAC, tamén como norma, non se programarán actividades en horario lectivo e só se realizarán dunha maneira excepcional como as dirixidas á orientación académica e vocacional do alumnado, de especial interese neste curso.
- 3.- A hora de levar a cabo unha actividade, cando dentro dun grupo haxa alumnos con necesidades educativas especiais, que non soamente afecten o seu rendemento escolar senón tamén á conduta dos mesmos, aumentarase a ratio de profesor/a por número de alumnos/as en uno.
- 4.- Os Xefes de Departamento presentarán para cada actividade un documento no que especificarán:
 - Denominación da actividade e descripción da mesma.
 - Lugar de realización.

- Nivel educativo para o que está indicada.
- Data de realización e horario.
- Custo da actividade. En viaxes de 1 día non será necesario indicar o custo do transporte.
- Relación de grupos, de alumnos/as e de profesores/as acompañantes.

5.- O alumnado, antes da realización da actividade, deberá:

- Haber pagado a parte que lle corresponda do prezo da actividade.
- Haber entregado a autorización escrita do/a seu/súa pai/nai, ou tutor/a legal. No presente curso 2009-2010 para aquellas actividades complementarias que se van realizar en horario lectivo o Centro fixo un modelo de autorización única válida para todas as actividades tratando así de axilizar dito trámite.

6.- En coordinación coa Xefatura de Estudos, e coa información da Comisión de Convivencia, decidirase que alumnos/as non poderán participar en actividades extraescolares, e incluso complementarias por motivo de mala conducta, absentismo escolar ou nulo aproveitamento académico. Así, o vicedirector entregará un listado do alumnado participante coa debida antelación á xefatura de estudos, quen decidirá que alumnado poderá participar na actividade previa consulta ós titores.

7.- Os profesores/as responsables das actividades complementarias e extraescolares comunicarán á Xefatura de Estudos os posibles incidentes de disciplina para levar a cabo as correccións que correspondan.

8.- Non se realizará ningunha actividade sen que haxa un profesor/a responsable presente/acompañante.

9.- En relación coas actividades fóra do centro as familias recibirán comunicación escrita dos datos referidos ás características da actividade, profesores acompañantes, orzamento, aloxamento, horas de saída e chegada, ...

10.- En canto ás cotas a pagar polo alumnado, en Consello Escolar acordouse o seguinte:

- Centro colabora con 3 euros por alumno/a para pagar a **entrada** a eventos culturais.
- Cada alumno/a entregará 4 euros para gastos de **transporte** en distancias non superiores a 100 kms. e 5 euros en distancias superiores a 100 kms dentro de Galicia. 6 euros para asistir a eventos deportivos ou outros espectáculos lúdicos. En viaxes fóra de Galicia, estudiarse cada caso particular.
- No relativo as actividades extraescolares ofertadas polo Centro (Deportivas: fútbol sala masculino, voleibol femenino, aerobic e Culturais: clases de debuxo e pintura) cada alumno efectuará un pago trimestral de 25 euros por trimestre en concepto de pago a adiestradores/as e monitores/as, que cobrarán 100 euros por mes.
- Os alumnos/as con grandes dificultades económicas non pagarán.

11.- En viaxes de máis de 2 días (Semana Branca, Intercambio con Francia, ...) o profesorado poderá avanzar materia, pero non se realizarán exames cos alumnos/as que non participen na viaxe.

4. ACTIVIDADES PROGRAMADAS POLOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS.

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

| LUGAR | CURSO/S | CARACTERÍSTICAS | DATAS | DURACIÓN |
|-------------|---------------------|--|--------------|----------|
| Valporquero | 4º da ESO 2º PDC | Visita didáctica (interdisciplinar con relixión: visita as Covas e catedral de León) | 3º trimestre | 1 día |
| Cambados | 4º da ESO 2º PDC | Interactiva. Coñecer o medio mariño | 3º trimestre | 1 día |
| A Coruña | 1º de BAC | Visita didáctica. “As tres Casas”. | 2º trimestre | 1 día |
| Madrid | 1º de BAC | Visita didáctica interdisciplinar co Historia): Museo de Ciencias, Museo da Natureza e Museos de Arte. | 3º trimestre | 2 días |
| Sotavento | 1º ESO | Talleres de educación ambiental e enerxía sostible | 2º trimestre | 1 día |

Departamento de Debuxo

| LUGAR | CURSO/S | CARACTERÍSTICAS | DATAS | DURACIÓN |
|---------------|--------------------|--|---------------|---------------|
| Instituto | 1º, 3º e 4º da ESO | Concurso de postais de Nadal | Decembro | 15 días |
| Instituto | 1º, 3º e 4º da ESO | Exposición final de traballos do alumnado | Xuño | 15 días |
| Sen confirmar | Sen confirmar | Saídas culturais (exposiciones, visitas a museos....) | Sen confirmar | Sen confirmar |
| Instituto | Alumnos de ESO | Participación en concursos de carácter artístico convocados por organismos e institucións (ONCE) | Todo o curso | Sen confirmar |

Departamento de Educación Física

| LUGAR | CURSO/S | CARACTERÍSTICAS | DATAS | DURACIÓN |
|-----------|-----------|---|----------------|---------------|
| Instituto | Todos | Actividades deportivas con motivo do Festival de Nadal | 22 de Decembro | Media xornada |
| Andorra | Bac/Ciclo | <i>Semana Branca</i> | Xaneiro | 1 semana |
| Instituto | Todos | Actividades deportivas con motivo da festividade de Sto. Tomé | Xaneiro | Media xornada |
| Instituto | Todos | Festa Fin de Curso | Xuño | 1 día |
| Monforte | ESO/BAC | Maratón do estudiante | Sen determinar | Media xornada |
| Instituto | ESO | Día mundial sen tabaco | | Media xornada |

Departamento de Filosofía

| LUGAR | CURSO/S | CARACTERÍSTICAS | DATAS | DURACIÓN |
|-----------|---------------|---|----------------|----------------|
| Instituto | 1º BAC | Exposición fotográfica das nosa costumes e tradicións | Sen determinar | Sen determinar |
| Instituto | 1º BAC | Conferencia a cargo de responsable das escavacións arqueolóxicas da comarca | Sen determinar | 1 día |
| Concello | 2º BAC EFD | Asistencia Pleno do Concello | Sen determinar | 1 día |

Departamento de Francés

| LUGAR | CURSO/S | CARACTERÍSTICAS | DATAS | DURACIÓN |
|----------|-----------------------------|-------------------------|----------------|----------|
| Monforte | 3º e 4º da ESO 1º de BAC | Intercambio con Francia | 17-27 Marzo | 10 días |
| Ourense | ESO | Obra de teatro | Sen determinar | 1 día |

Departamento de Latín e Grego

| LUGAR | CURSO/S | CARACTERÍSTICAS | DATAS | DURACIÓN |
|--------------|---|---|--------------|----------|
| Bande-Lobios | 3º ESO 4º ESO 1º BAC 2º de BAC | Visita ao asentamento e a calzada romana. | 1º trimestre | 1 día |
| Lugo | 3ºda ESO 1ºde BAC 2º de BAC | Teatro-Visita a museos | 2º trimestre | 1 día |

Departamento de Inglés

| LUGAR | CURSO/S | CARACTERÍSTICAS | DATAS | DURACIÓN |
|---|--------------------------------------|---|-----------------|----------|
| Aula de cultura/Edificio multiusos | 4º ESO 1º BAC | Asistencia á representación dunha obra de teatro en inglés a cargo dun grupo nativo en coordinación con outros centros de Monforte. | 2º trimestre | 2 horas |
| Gran Bretaña | 2º BAC 1º BAC (Inclúe adultos) | Viaxe educativo-cultural | Fin de curso. | 5-6 días |
| Europa(Gran Bretaña, Irlanda ou outros países da CEE de fala inglesa) | ESO | Intercambio escolar | 2º/3º trimestre | |

Outras actividades propostas polo departamento de Inglés:

- Correspondencia mediante correo electrónico con alumnos de outros países (Dinamarca e Holanda, Gran Bretaña, Alemania...).
- Conversacións con xente de fala inglesa residentes na nosa zona.
- Proxección de películas en inglés e posterior debate sobre as mesmas.
- Actividades de “chat” en internet (controladas).

Departamento de Lingua e Literatura Galegas

| LUGAR | CURSO/S | CARACTERÍSTICAS | DATAS | DURACIÓN |
|-----------|---------|------------------------------|-----------------------------------|--------------------------|
| Monforte | 3º ESO | Visita ó Museo do Viño | Outubro 20 de Outubro Novembro | 2 horas Media xornada |
| Ourense | BAC | Obra de teatro | | |
| Instituto | ESO/BAC | Contacontos | | 2 horas |
| Santiago | ESO | Visita cultural | Sen determinar | 1 día |
| Portugal | ESO | Visita cultural | Sen determinar | Sen determinar |
| Instituto | | Taller de creación literaria | | |

Departamento de Matemáticas

| LUGAR | CURSO/S | CARACTERÍSTICAS | DATAS | DURACIÓN |
|-----------|----------------|--|---------------|---------------|
| Lugo... | 2º ESO | Participación nas probas da <i>Olimpiada Matemática</i> | Sen confirmar | 1 día |
| Vigo | 2º ESO | Participación nas probas da <i>Olimpiada Matemática</i> (si pasan a anterior) | Sen confirmar | 1 día |
| Lugo... | 3º ESO | Participación nas probas do <i>Rallye Matemático</i> | Sen confirmar | Sen confirmar |
| Monforte | PCPI | Salidas a fazer algúns traballos de campo | Sen confirmar | Sen confirmar |
| Instituto | Sen determinar | Traer o Instituto ou visitar algunha exposición de interese. | Sen confirmar | Sen confirmar |

Departamento de Música

| LUGAR | CURSO/S | CARACTERÍSTICAS | DATAS | DURACIÓN |
|-----------|-------------------------------|---|---------------------------|---------------|
| Santiago | 2º ESO | Concertos didácticos organizados polo auditorio de Santiago | Sen determinar | 1 día |
| Instituto | Todo o alumnado de música | Festival de panxoliñas | Última semana de decembro | 1 hora |
| Ourense | 3º ESO | Visita a un taller de instrumentos tradicionais | 2º trimestre | Media xornada |
| Instituto | Todo o alumnado e profesorado | Festival fin de curso | Última semana de curso | 2 horas |

Departamento de Normalización lingüística

| LUGAR | CURSO/S | CARACTERÍSTICAS | DATAS | DURACIÓN |
|-----------|-------------|---|---------------|---------------|
| Instituto | 3º ESO | Visita ao “Centro do Viño” | 7 de outubro | 1 hora |
| Instituto | 2º BAC | Contacontos “A tropa de trapo” | 9 de novembro | 2 horas |
| Instituto | todos | Concurso “calendario | 1º trimestre | |
| instituto | 2º BAC | Conferencia de Gonzalo Navaza | Febrero-marzo | 1 hora |
| Santiago | 3º ESO | Excursión ao Parlamento | Marzo-abril | 1 día |
| Instituto | 1º e 2º ESO | Charla ou Contacontos | Febreiro | 1 hora |
| Instituto | Todos | Revista | 3º trimestre | |
| Instituto | Todos | Certame “Contos populares dos nosos avós” | 2º trimestre | |
| Instituto | Todos | Certame “Receitas tradicionais | 3º trimestre | |
| Monforte | 1º/2º ESO | “Correlíngua” | Maio | Media xornada |

Departamento de Orientación

| LUGAR | CURSO/S | CARACTERÍSTICAS | DATAS | DURACIÓN |
|---------------------------|-----------------|--|--|----------------------|
| Centro Multiusos Concello | 2º ESO | Programa de prevención de drogodependencias <i>Cinensino</i> | Un día por trimestre, sen determinar | 11:30-13:30 |
| Biblioteca | 4º ESO | Charla sobre Afectividade e Sexualidade impartida polo Centro de asesoramento Quérote | A concretar | Horas de tutoría |
| Biblioteca | BAC | Charla sobre métodos anticonceptivos impartida pola xinecóloga | A concretar | 2 períodos lectivos |
| Aula | 1º ciclo da ESO | Actividade <i>Clases sen fume</i> | 1º/2º trimestre 31 de Maio, Día Mundial sen tabaco | Horas de tutoría |
| Aula | 2º ESO | Charlas Prevención de Drogodependencias impartida pola educadora social da UAD do Concello | 2º trimestre | Horas de tutoría |
| Aula | 3º ESO | Charla prevención do contaxio do VIH | 1 de decembro | Horas de tutoría |
| Aula | 4º ESO | Charla Prevención Violencia contra a muller | 25 de novembro | Horas de tutoría |
| Biblioteca | 2º de BAC | Charlas Orientación Académica | 2º trimestre | 2 horas/charla |
| Biblioteca | 1º ciclo da ESO | Reunións de familias | 2º e 3º trimestre | 2 horas cada 15 días |

Departamento de Relixión

| LUGAR | CURSO/S | CARACTERÍSTICAS | DATAS | DURACIÓN |
|--|-------------|---|-----------------|----------------------------|
| Visita ao Bon Jesús e a Bracalandia | 1º ESO | Visita ao Bon Jesús e a Bracalandia | Abril-Maio | 1 día |
| Folgoso de la Ribera/Ponferrada/O Cebreiro | 2º ESO | Visita ao Belén de Folgoso, Ponferrada e O Cebreiro | Nadal | 1 día |
| Ribadavia/ Ourense | 3º ESO | Visita o barrio Xudeu de Ribadavia e a cidade de Ourense | Abril | 1 día |
| Camiño de Santiago | 4º ESO | Realización de 2 etapas do Camiño de Santiago Arzúa-Pino/Pino-Santiago. | Outono ou Abril | 1 xornada lectiva (2 días) |
| Braga e Salamanca | 1º e 2º BAC | Visita a Braga e Salamanca | Outono | 1 xornada lectiva (2 días) |

Departamento de Tecnoloxía

| LUGAR | CURSO/S | CARACTERÍSTICAS | DATAS | DURACIÓN |
|---------------------|------------------------|--|--------------------|----------|
| Monforte | 2º da ESO | Visita ao Museo do Ferrocarril | 1º trimestre | 3 horas |
| Xermade | 3º da ESO 4º da ESO | Visita ao parque experimental de Sotavento | 2º/3º trimestre | 1 día |
| Oural (Lugo) | 3º da ESO | Visita a Cementos Cosmos | 2º trimestre | 4 horas |
| Nadela (Lugo) | ESO | Visita a Central Leiteira "PULEVA" | 2º trimestre | 1 día |
| Os Peares (Ourense) | 2º ciclo ESO | Visita á Central hidroelectrica | 2º ou 3º trimestre | 1 día |

Departamento de Xeografía e Historia

| LUGAR | CURSO/S | CARACTERÍSTICAS | DATAS | DURACIÓN |
|-------------------|---------|---|-----------------------|---------------------|
| Madrid | 1º BAC | Visita cultural a museos e espectáculos | 2º/3º trimestre | 2 días |
| Ferrol ou Melgaço | 3º ESO | Viaxe de estudos incluída nas actividades do “Proxecto Terra” | 3º trimestre | 2 días |
| Lugo/Ourense | ESO/BAC | Visita co percorrido urbano, incluída nas actividades do “Proxecto Terra” do C.O.A.G. | 3º trimestre | 1 día |
| Terras de Lemos | 2º ESO | Visita aos recursos monumentais da Comarca con interese histórico-artístico | 2º/3º trimestre | 1 día |
| Sen determinar | ESO/BAC | Actividades, obradoiro e congreso “Climántica”, proxecto de educación ambiental da Xunta de Galicia | 1º, 2º e 3º trimestre | 1 día (Congreso) |

Actividades promocionadas polo DACE

| LUGAR | CURSO/S | CARACTERÍSTICAS | DATAS | DURACIÓN |
|-----------------|--------------------|--|------------------------|---|
| Monforte | 4º da ESO | Charla a cargo da Policía Nacional sobre “ <i>Prevención de Drogas</i> ” | 2º ou 3º trimestre | 1 hora |
| Instituto | Interesados | Charlas en colaboración coa ANPA sobre temas de interese para as familias | Sen determinar | Sen determinar (horario de tarde) |
| Coruña | Interesados | Partido de fútbol do <i>Deportivo</i> | 3º trimestre | Sábado ou domingo |
| Vigo | Interesados | Partido de fútbol do <i>Celta</i> | 1º ou 2º trimestre | Sábado ou domingo |
| Fóra de Galicia | 4º ESO | Viaxe Fin de Curso | Xuño | 1 semana |
| Instituto | Todos/as | Festa de Nadal | decembro | 1 día |
| Instituto | Todos/as | Santo Tomé (actividades diversas) | 31 de xaneiro | 1 día |
| Instituto | Todos/as | Festa Fin de Curso | Último día de curso | 1 día |
| Monforte | PDC I/II | Actividade “ <i>Día mundial da Arbore</i> ” | 21 de marzo | 3 horas |
| Instituto | Alumnado de ESO | Actividade “ <i>Día mundial Sen Tabaco</i> ” | 31 de maio | Sen determinar |
| Instituto | 2º BAC | Cea Fin de Curso dos alumnos/as de 2º BAC | Maio | 1 tarde-noite |
| Instituto | 3º e 4º da ESO | Charla sobre “ <i>Lesiones medulares en accidentes de tráfico</i> ” | Sen determinar | 1 hora |

Outras actividades promocionadas e/ou coordinadas polo DACE

- Organización das actividades deportivas englobadas no *Deporte Escolar*.
- Colaboración có Equipo de Normalización Lingüística na redacción da Revista Escolar.
- Colaboración coa Páxina Web do IES *Río Cabe*.
- Colaboración coa ANPA do IES *Río Cabe*.
- Coordinación do Programa *Prensa – Escola* de *La Voz de Galicia*.
- Colaboración coas actividades realizadas na BE e polo club de lectura “Balbordo”.
- Colaboración cá exposición dos Proxectos Interdisciplinares de 1º de ESO dentro dunha “*semana cultural*” que intentará reunir dentro do Instituto diversas actividades desta índole (exposicións, conferencias...) e que se realizaría nos derradeiros días do curso.
- Colaboración co Concello ou outros organismos públicos no desenvolvimento de actividades propostas por eles.
- Colaboración na organización e desenvolvimento de actividades propostas por calquera membro da comunidade educativa de carácter lúdico relacionadas con festas tradicionais ou populares.

Conmemoracións.

1. Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:
 - Do 1 ao 11 de decembro de 2009: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
 - 10 de decembro de 2009: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
 - 30 de xaneiro de 2010: Día da Paz.
 - 8 de marzo de 2010: Día Internacional da Muller Traballadora.
 - 15 de marzo de 2010: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
 - Do 8 ao 12 de marzo de 2010: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
 - Entre o 12 ao 30 de abril de 2010: Día do Libro.
 - 7 de abril de 2010: Día Mundial da Saúde.
 - 9 de maio de 2010: Día de Europa.
 - Do 18 ao 21 de maio de 2010: Semana das Letras Galegas.
 - 5 de xuño de 2010: Día Mundial do Ambiente.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

BIBLIOTECA

| LUGAR | CURSO/S | CARACTERÍSTICAS | DATA/S | DURACIÓN |
|----------|---|---|------------------------|--------------|
| Monforte | Alumnos de Balbordo curso pasado (3º e 2º de ESO) | Visita dunha maqueta ferroviaria na Estación de Ferrocarril | Outubro (sen precisar) | 1 hora |
| Monforte | Alumnado de Eso e Bach | II Noite na Biblioteca | 21 de Outubro | Toda a noite |
| Monforte | Todo o alumnado | Saída do recinto do centro | 23 de Abril | 1-2 horas |

**PROPOSTA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E
COMPLEMENTARIAS PARA O CURSO 2009-10**

CICLO DE INFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN TURÍSTICAS

| DEPARTAMENTO | TURISMO |
|-----------------------|--|
| ACTIVIDADES PROPOSTAS | <ul style="list-style-type: none"> • Asistencia a conferencias, charlas, exposicións, etc. de interese que se levan a cabo en Monforte. • Visita guiada a Monforte. • Charla - coloquio no Centro por parte de profesionais que realicen o seu traballo no sector turístico. • Visitas a empresas do sector localizadas preto do Centro: Hotel, Balneario, Aloxamento Rural, Axencia de Vixaxes, etc. • Visita os Concellos da Comarca de Lemos (solicitando a colaboración das entidades locais correspondentes) • Visita guiada á cidade de Lugo, regresando polo Camiño de Santiago. • Visita guiada á cidade de Santiago de Compostela e ás instalacións de Turgalicia. |
| OBXECTIVOS | <ul style="list-style-type: none"> • Que descubran e valoren os recursos naturais, culturais..., de zonas, rutas ou localidades de |

| | |
|--|--|
| | <p>Galicia.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Que adquiran unha visión global e coordinada dos procesos de creación dos produtos e servicios turísticos. • Que avalíen as diferentes estratexias de comercialización destes produtos e servicios. • Que programen, organicen e participen en procesos e actividades do sector. • As visitas, serán un complemento práctico de formación do alumnado, xa que tanto o deseño, confección e execución dos itinerarios - visitas, serán realizados polos alumnos coa axuda do profesorado dos módulos específicos e formaran parte das avaliaciós destes módulos. |
| NECESIDADES (Espazos, material, transporte, cartos...) | <ul style="list-style-type: none"> • As actividades que se levan a cabo no entorno do Centro- visita a Monforte, asistencia a charlas, exposicións, conferencias- non terán ningún custo para o Centro. • As charlas, que teñan lugar no Instituto, por parte de profesionais do sector, confiamos en que sexan de balde. • No caso das visitas os Concellos da Comarca de Lemos, pedirémoslles que colaboren co |

| | |
|-------------------------|---|
| | <p>transporte e a presentación, por parte do responsable da área de Cultura ou Turismo, dos recursos turísticos do territorio.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Para as visitas guiadas ás cidades de Lugo, Santiago e percorrido polo Camiño Francés, temos que contar co custo do transporte e a minuta do guía de Santiago, a visita guiada de Lugo sería de balde. |
| DATAS, DURACION | <ul style="list-style-type: none"> • As saídas de día completo serían na 2^a e 3^a avaliación, porque os días son más longos. |
| PROFESORADO ACOMPAÑANTE | <ul style="list-style-type: none"> • A profesora do Departamento se comprometen a acompañar o alumnado en todas as actividades programadas. |

Monforte de Lemos, 15 de outubro de 2008

Asdo.: María Fontal Vázquez

5. ORZAMENTO

A modo orientativo, calculamos as seguintes necesidades orzamentais:

- Primeiro Trimestre: 2.000 euros
- Segundo e Terceiro Trimestres: 4.500 euros.

O Vicedirector

Asdo.: Manuel Sánchez Seco

ACTIVIDADES CON DATA DE REALIZACIÓN

Outubro/Novembro

| DATA | CURSO | ACTIVIDADE | DEPARTAMENTO |
|---------------|--------------|---|------------------------------------|
| 7 de outubro | 3º de ESO | Visita ao “Centro do Viño” | Normalización lengüística |
| 20 de outubro | BAC | Obra de teatro en Ourense | Lingua e literatura galegas |
| 21 de outubro | ESO/BAC | “II noite en branco na biblioteca” | Biblioteca |
| 9 de Novembro | 2º BAC | <i>Contacontos</i> e Obradoiro “Tropa de trapo” | Normalización lengüística |

